

NOTAS SOBRE O VI RAID ODISEO - TERRA DE FRADES

RESULTADOS PUBLICADOS O DÍA O RAID

Os resultados publicados o día do Raid non foron revisados todo o detalladamente que deberían debido o tempo limitado que dispoñíamos.

Unha vez revisados con calma durante o domingo 27 de abril, detectáronse algúns erros no cómputo das tarxetas de rogaina que foron corrixidos.

Os resultados provisionais publicados son o resultado desta corrección.

ERROS COMÚNS

Pola nosa parte existiu un erro na numeración das balizas 30 e 31 que aparecían en orde inverso, aínda que sí colocadas cada unha no seu sitio. Estas balizas foron contabilizadas independentemente da casilla na que foron marcadas.

A baliza número 25 do Trekking contaba cunha baliza de adestramento previa, pero que en ningún caso puido ser confusión para a posición de tal baliza, xa que non se atopaban no mesmo punto. Moi poucos equipos deixaron esta baliza sen marcar.

A baliza 46 da rogaina estaba preto da 19 correspondente a sección segunda de BTT, en calquera caso, a posición non é a mesma e claramente están separadas por unha curva no regato.

NORMATIVA

O cómputo dos puntos para a proba de cordas é correcto, xa que o regulamento expresa que as bonificacións poden ser realizadas en puntos ou tempo (artigo 146.2 do regulamento de raids de aventura) e só expresa que debe ser tempo en probas especiais de precisión ou puntería (artigo 95.7 do anterior regulamento). O artigo anterior (95.6) fala de “Las pruebas especiales con partes optativas” cousa que non é o caso, xa que estas probas especiais non dispoñían en sí de partes optativas.

En canto ao beneficio do 5% para equipos mixtos, existe un debate sobre o mesmo, pero a normativa que actualmente está a disposición dos participantes na web oficial da FEGADO indica no seu artigo 8.2:

“Os equipos compostos íntegramente por mulleres beneficiaranse dunha bonificación, aplicable por sección. A bonificación consiste en restar, do tempo total-real invertido en cada sección, un tempo equivalente ó 5% dese total-real. O resultado da resta será o tempo computable para a clasificación. Da mesma bonificación beneficiaranse os equipos compostos parcialmente por mulleres, tendo en conta que a bonificación so se aplicará nas seccións en que o equipo forme alomenos cunha muller.”

Mentras non se actualice ese documento, é a normativa que aplicaremos xa que é a que dispón o resto dos participantes.

Esperamos que este documento aclare as dúbidas sobre as probas e contabilización das balizas.